

PATRIMONIO

Moeche recupera nun libro a historia da ermida de San Xiao dos Osos

O historiador cedeirés Rafael Usero é o autor deste primeiro estudo da capela

O Concello de Moeche presentará proximamente un libro no que se recompila por primeira vez a historia da ermida de San Xiao dos Osos, unha capela cuxa orixe remóntase alomenos ó século XIII e que a día de hoxe perdeu gran parte do seu encanto como consecuencia dunha reforma feita no ano 1973.

REDACCIÓN • FERROL

■ O autor do libro, o historiador e cronista de Cedeira Rafael Usero, non dubida en tachar o resultado daquelas pretendidas obras de "rehabilitación" como "un edificio indecente". Á ermida de San Xiao dos Osos, situada na parroquia de Lavacengos, recortáronse nas aquelas obras cinco metros de fronte, o que provocou a desaparición do antigo campanario.

Fronte a perda de valor do exterior, o interior da ermida conserva o seu interese. Segundo explica Rafael Usero, é importante o retablo barroco que adorna o altar, no que está o escudo de Oseira (un carballo con dos osos); o arco que dá entrada ó presbiterio, da ermida primitiva; e os dous sarcófagos antropoides sen tapa que hai xunto á porta. O historiador conta no libro como os fieis lan e metíanse dentro deles para pedirlle favores ó santo. O guardés da capela lembra que a xente facía cola para cumprir con este rito.

A ermida de San Xiao dos Osos

NOME

A denominación "dos Osos" vén, en opinión de Rafael Usero, do antigo cemiterio do lugar

tivo especial importancia durante o século XVIII, xa que estaba na ruta do camiño de San Andrés de Teixido. Pese a que as guías atribúen o seu nome á relación que mantén co monasterio cisterciense de Oseira, en Ourense, o historiador Rafael Usero di que a denominación vén de que a ermida está construída sobre un antiquísimo cemiterio e que as xentes do lugar saben que fai falla excavar moi pouco para atopar osos. É real, como é aínda evidente polo escudo devandito, a relación con Oseira. "Desde o século XIII ó XIX, coa desamortización, o 60% de Lavacengos pertencou ó monasterio", explica Usero. Era unha orde cisterciense e os seus clérigos vivían a miúdo por Moeche para controlar as súas posesións.

O libro sobre San Xiao dos Osos está actualmente na imprenta da Fundación Caixa Galicia. É o resultado do traballo de varios anos de Rafael Usero, que tivo que ir a arquivos de Ourense, Madrid, A Coruña e Mondoñedo, entre outros, para reunir tódalas referencias á pequena capela.

O volume que resulta da súa investigación ten 320 páxinas e leva fotografías en cor de Xurxo Loba-



A ermida antes (arriba) e despois das reformas

to, ilustracións de Siro López e mapas de Juan Quintana. Con el, o historiador Rafael Usero quere, ademais de dar a coñecer unha parte destacada do patrimonio

modestino, "remover algunha conciencia" ó subliñar o desastroso resultado das obras de reforma que se realizaron a comezos da década dos 70.